



**ASISTENTES:**

Aboal Somoza, Teresita  
Afonso Luis, Carina da Conceicao  
Aiba Castro, José Luis  
Álvarez Chaver, Paula  
Álvarez González, Lara  
Álvarez Moreira, José Ángel  
Álvarez Rodríguez, Pablo  
Anaya Revuelta, Inmaculada  
Andrés Iglesias, Jesús  
Area Carracedo, Iván Carlos  
Arias Moreira, Xosé Carlos  
Badaoui Fernández, Aída  
Barcia Rodríguez, Ignacio  
Baz López, Jorge  
Beiro Rodríguez, Gabriel Rolando  
Bernal Gómez, Rosa  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Blanco Prieto, Sonia  
Bringas López, Ana  
Bustillo Boiado, Roberto Orlando  
Cabeza Pereiro, M<sup>o</sup> Del Carmen  
Carballo Castaño, Mónica  
Canto Veiga, Héctor Daniel  
Carballo Piñeiro, Laura  
Cid Fernández, Xosé Manuel  
Cid Rodríguez, Xúlio Alberte  
Costas Currás, José Daniel  
De la Torre Fraga, Daniel  
De Lorenzo Rodríguez, Edita  
De Miguel Palacios, Carlos  
De Oca Cancela, Guillermo  
Dominguez Martín, Jorge  
Estévez Toranzo, Margarita  
Fariñas Valiña, Iago  
Fernández Alén, Natalia  
Fernández Fernández, Federico A.  
Fernández Manin, Generosa  
Fernández Martínez, Paula  
Fernández Pulpeiro, Ana  
Fonseca Bon, Cecilio  
Gago Bugarín, Diego José  
Gago Rodríguez, Alberto  
Gálvez Gálvez, Juan Francisco  
García Camba, Xavier  
García Cutrín, Francisco Javier  
García Gil, Soledad  
García Mateo, Carmen  
García Puig, Pedro  
García Soidán, María Del Pilar  
García Torrado, Manuel  
García Vázquez, José Manuel  
García Vázquez, Manuel  
Garriga Domínguez, Ana  
Godoy Malvar, Eduardo  
Gómez Rodríguez, Alma María  
González Crespán, M<sup>o</sup> Araceli  
González Estévez, Emilio José A  
González Pillado, Esther  
González Piñeiro, Luis  
González Vázquez, Encarnación  
González Rojo, Daniel  
Guerrero Saco, Alejandro  
Hernández Sánchez, Jesús  
Huete Iglesias, Paz  
Iglesias Briones, María Jesús  
Lado Sestayo, Rubén  
Lago Ferreiro, Alfonso  
Lastra Valdor, Mariano  
Legido Soto, José Luis

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 25 de xuño de dous mil oito, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O mércores, **día 25 xuño de 2008**, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Informe do reitor.
2. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 30 de abril de 2008.
3. Aprobación, se procede, do documento de I+D.
4. Elección de representantes dos estudantes na Mesa do Claustro Universitario.
5. Elección de representantes dos estudantes no Consello de Goberno.
6. Elección dos seguintes postos vacantes na Comisión electoral:  
Sector estudantes: 3
7. Elección dos seguintes postos vacantes na Comisión para a adaptación dos estatutos da Universidade de Vigo á nova redacción da LOU:  
Sector estudantes: 5
8. Elección dos seguintes postos vacantes nas Comisións para a elaboración de regulamentos:  
COMISIÓN N<sup>o</sup> 1: Regulamento de réxime económico e contratación. Regulamento de PAS.  
Sector estudantes: 5  
COMISIÓN N<sup>o</sup> 2: Regulamento de estudantes.  
Regulamento de exames.  
Sector estudantes: 5  
COMISIÓN N<sup>o</sup> 3: Regulamento de profesorado.  
Sector estudantes: 5  
COMISIÓN N<sup>o</sup> 4: Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia. Regulamento de institutos universitarios.  
Sector outro persoal docente e investigador: 2  
Sector estudantes: 5

Lence Madarro, Fernando  
 Liste Fernández, Araceli Mercedes  
 Liz Marzán, Luis Manuel  
 Llamas Nistal, Martín  
 Loeck Hernández, Juan  
 López Lorenzo, Diego  
 López Vidal, María Del Pilar  
 Loureiro López, David  
 Macías Cambra, Enrique Antonio  
 Membicla Iglesia, Pedro  
 Menéndez González, Hugo  
 Míguez Rodríguez, Antonio  
 Moñón Ojea, Artemio  
 Mollinedo Lois, Carlos  
 Montero Muñoz, María  
 Morán Martínez, M<sup>a</sup> Paloma  
 Mosquera Nartallo, Carlos  
 Nombela Castaño, Miguel Ángel  
 Nuñez Riveiro, Myriam  
 Otero Camiña, José Luciano  
 Palacio Sánchez, Xosé Antonio  
 Pardo Froján, Juan Enrique  
 Pastrana Castro, Lorenzo Miguel  
 Pazó Martínez, M<sup>a</sup> Consuelo  
 Pena Rodríguez, Alberto  
 Pena Uris, Gloria M<sup>a</sup>  
 Peña Vidal, Alberto  
 Pérez Cota, Manuel  
 Pérez Fernández, Alba  
 Pérez Iglesias, M<sup>a</sup> Teresa  
 Pérez Rodríguez, Martín  
 Pinés León, Pablo  
 Pombal Diego, Manuel Ángel  
 Porteiro Fresco, Jacobo  
 Pose Blanco, José  
 Prada Blanco, Albino  
 Puga Alonso, Javier  
 Ramos Cabrer, Manuel  
 Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
 Riobó Fernández, Aida  
 Ríos Currás, Moisés  
 Rodríguez Berrocal, Francisco Javier  
 Rodríguez Sampayo, Arturo  
 Sáez Ocejo, José Luis  
 Sánchez Bello, Patricio Alfredo  
 Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel  
 Sande Alonso, Laura  
 Serra Aymerich, Marc  
 Solveira Fontenla, Carlos  
 Soto Iglesias, Enrique  
 Suárez Pazos, Mercedes  
 Teijeira Bautista, Marta  
 Terán Moldes, M<sup>a</sup> Del Carmen  
 Tojo Suárez, M<sup>a</sup> De La Concepción  
 Varela Martínez, Iago  
 Vera Isasa, María  
 Vidal Pascual, Jacobo  
 Yáñez López, José Carlos

#### DESCULPAN ASISTENCIA:

Allague Aguete, Pilar  
 Bergantiños Cid, Gustavo  
 Carballo-Calero Ramos, M. Victoria  
 Fandiño Alonso, Jaime Francisco  
 Graña Rodríguez, Ana María  
 Jato Rodríguez, María Victoria  
 Lorenzo Cimadevila, Enrique  
 Martín Lucas, Belén  
 Rama Martínez, M<sup>a</sup> Esperanza  
 Soto Carballo, Jorge

COMISIÓN Nº 5: Regulamento de centros.  
 Regulamento de departamentos.

Sector estudantes: 5

COMISIÓN Nº 6: Regulamento de tribunal de  
 garantías. Regulamento de réxime disciplinario.

Sector outro persoal docente e investigador: 1

Sector estudantes: 5

#### 9. Rogos e preguntas.

Inicia a sesión o reitor sinalando que a mesa decide antepoñer o punto 2 relativo á aprobación da acta, que pasa o ser punto 1 da orde do día.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 30 de abril de 2008.

Non habendo obxeccións presentadas e, de acordo co artigo 20 do Regulamento de réxime interno do Claustro Universitario, enténdese aprobada a acta.

#### **Punto 2.** Informe do reitor.

Despois de dar a benvida aos novos membros do Claustro (**anexo I**), o reitor procede a informar ao Claustro sobre os seguintes asuntos :

En primeiro lugar, o Consejo de Universidades, na sesión celebrada o pasado 28 de maio, informou favorablemente os requisitos para a verificación dos títulos que habilitan para o exercicio de profesións reguladas no ámbito da enxeñaría, é dicir, as directrices para os títulos de enxeñaría con atribucións profesionais reguladas. Polo que a esta universidade atinxe, esta aprobación afecta ás actuais titulacións de Enxeñaría Técnica Industrial, Enxeñaría Industrial Superior, Enxeñaría Técnica Forestal, Enxeñaría de Minas, Enxeñaría Técnica de Sistemas, Enxeñaría Técnica de Imaxe e Son e Enxeñaría de Telecomunicacións.

A aprobación destas directrices foi feita de xeito provisional, diante da evidencia dalgunhas consultas lexislativas pendentes, das precisións necesarias na asignación dalgunhas atribucións (exemplo: competencias de xestión ambiental) e dos erros materiais detectados (exemplo: nalgunhas directrices os cambios introducidos fan que a suma final dos créditos incorporados en cada módulo básico supere o fixado no decreto de implantación de novos estudos).

Para resolver todos estes aspectos fíxose previsión das xuntanzas necesarias e anticipouse a posibilidade dalgúns cambios, o que podería supoñer no seu caso unha nova remisión das directrices ao Consejo de Universidades.

Nesta situación, a posición do equipo de goberno é non acelerar a reforma no ámbito da enxeñaría e, polo tanto, non abrir de novo o proceso que se concluíu para o resto das titulacións no pasado mes de abril. A mellor compañía neste caso é a prudencia, que permitirá observar como se precisan e interpretan as normas no Ministerio e que decisións comezan a adoptar as politécnicas, sobre todo en Madrid e Barcelona. Con calma e máis información, as xuntanzas de ámbito poderán avaliar mellor o que vaia acontecendo e preparar en condicións as reformas dos títulos deste ámbito (e os que faltan dos outros) para a súa aprobación en 2009 e a súa posta en marcha en setembro de 2010.

En segundo lugar, informa de que a ANECA ten concluído xa o traballo de verificación dos primeiros plans de estudo adaptados ao EEES. Presentáronse 205 novos títulos de grao, dos cales en primeira instancia 140 tiveron informe favorable, 60 desfavorable e 5 foron retirados. Con posterioridade, feitas as alegacións, modificacións e reclamacións pertinentes, outros 22 graos obtiveron informe favorable. En consecuencia, o resultado final da primeira fase de verificación dos novos títulos de grao é o seguinte :

- 205 títulos presentados.
- 162 informados favorablemente.
- 38 informados desfavorablemente
- 5 retirados

Na mesma xuntanza do Consejo de Universidades á que se está facendo referencia presentouse a estrutura do novo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e o programa de obxectivos básicos para a Secretaría de Estado de Universidades.

a) Respecto da estrutura do novo Ministerio, estará articulada en tres eixos :

- A SECRETARÍA DE ESTADO DE UNIVERSIDADES, da que colgarán dúas direccións xerais: a de Universidades e a de Programas e Transferencia de Coñecemento, que levará os programas de proxectos do plan nacional, de recursos humanos e de infraestruturas.
- A SECRETARÍA DE ESTADO DE INVESTIGACIÓN, que levará a planificación e avaliación do plan nacional de I+D+i no seu conxunto, a coordinación dos OPIS e as políticas internacionais de investigación e grandes instalacións.
- E o terceiro eixo será o CDTI, que seguirá centrando a súa actuación no desenvolvemento de actividades de fomento da innovación empresarial.

b) Polo que respecta aos seus obxectivos básicos para as universidades na presente lexislatura resáltanse algúns que nos afectan especialmente:

- R.D. polo que se aprobará o Estatuto do PDI, que deberá incluír a definición da carreira por méritos, as condicións para a xestión da explotación dos resultados da investigación, a dedicación do PDI, a regulación da excedencia para incorporarse ás EBTs, as incompatibilidades, permisos, xubilacións, comisións de servizo, etc. (Borrador en outubro para ser sometido a debate na comunidade universitaria e texto final en decembro de 2008, para a súa posible aprobación no 1º semestre de 2009).
- E outros dous compromisos de máis longo alcance e prazo e de indubidable importancia:
  - Unha nova Lei da ciencia, que deberá adaptar o desenvolvemento das carreiras docente e investigadora e as liñas básicas de mantemento e financiación das actividades científicas e tecnolóxicas.
  - Unha nova Lei de atribucións profesionais, que tratará de poñer orden no batiburrillo lexislativo acumulado durante case dous séculos.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, do documento de I+D.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Investigación que expón o contido básico do documento de I+D que se recolle no **anexo II**.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén en primeiro lugar o Prof. Berrocal quen, en nome da agrupación Nova Universidade, agradece en primeiro termo ao vicerreitor de Investigación que lles deixara coñecer o documento con antelación e a aceptación de certas suxerencias feitas ao mesmo. Xa en relación ao contido concreto do documento I+D, divide a súa intervención en tres partes: fala primeiro de medidas positivas pois entende que se ten feito un importante esforzo en materia de bolsas, promoción de profesorado, recoñecemento da actividade investigadora a efectos docentes e tamén en infraestruturas. En segundo lugar, fai referencia a carencias graves do documento pois entende que debe figurar o recoñecemento individual ao investigador e non ao grupo. Segue sen recoñecerse a efectos docentes a produción científica, tampouco a creación de EBTs ou unidades asociadas, nin a coordinación de máster nin de doutoramento, pois neste caso se recoñece ao programa en si. Fala a maiores dun recoñecemento a todos os efectos e non solo coma desgravación docente senón coma un incentivo individual. En terceiro lugar, refírese a erros graves do documento que supoñen diferenzas de concepto: dun lado, segue sen computarse en POD a docencia oficial, posto que a docencia de grao e posgrao é equivalente, como figura nun informe da asesoría xurídica. Doutro lado, a política de utilización das sociedades anónimas pola Universidade, en concreto CITE XVI, porque están en contra de que as sociedades anónimas ocupen o papel que corresponde á universidade. Seguidamente fai referencia a todos os supostos nos que a xestión de I+D+i da Universidade pasa a CITE XVI no documento presentado. Remata sinalando que hai diferenzas de contido irreconciliables que fan que o seu grupo non poida apoiar o documento.

Intervén seguidamente o Sr. Álvarez Rodríguez quen expón tres preocupacións concretas: primeira, o PAS no documento presentado, posto que a ratio entre PAS e profesorado nesta universidade está moi lonxe doutras universidades. E pon exemplos concretos nos que o profesorado ten que facer traballo administrativo dos técnicos en lugar de investigar ante a falta de persoal. A segunda preocupación é o plan de promoción do PDI posto que é unha carreira longa con bolsas, varias seleccións polo camiño e despois o plan de promoción. Entende que o camiño é moi longo e se forma persoal moi cualificado que despois se deixa ir. Por último, manifesta a súa preocupación porque non ten visto ningunha planificación da universidade onde se expoña que se quere do PAS, o que parece dar a entender que se lles deixa de lado.

O Sr. Fernández Fernández pregunta se o documento presentado implica modificación da RPT ou cambios na organización do traballo desta área que afecten ao persoal.

O vicerreitor inicia a súa quenda de réplica, contestando á última das preguntas e sinala que no documento se reflicte unha posible remodelación da Oficina de I+D, tamén da creación da oficina de proxectos internacionais e despois de fortalecemento de persoal en casos concretos.

No que respecta ás cuestións presentadas polo Sr. Álvarez Rodríguez, o vicerreitor sinala que, en relación ás melloras sobre o número de técnicos, non é un problema que se poida arranxar nun documento deste tipo senón que é algo de carácter xeral que deberá debaterse noutro momento porque trascende deste documento. No que respecta á formación sinala que dos 90 doutores que se forman ao ano non é posible que todos vaian ser PDI da Universidade de Vigo senón que se trata de formar persoal cualificado para aportar á sociedade. Neste momento, co número de bolseiros que existen, as prazas de promoción que se ofertan son suficientes.

Xa contestando ás suxestións do Prof. Berrocal, agradece en primeiro lugar a súa intervención e as achegas que fixeron ao documento. En canto ás carencias postas de manifesto, entende que cando se dan créditos de recoñecemento en POD fanse ao investigador principal e iso, aínda que non parece asignación directa, si que o é posto que o investigador principal distribuirá eses créditos como lle pareza mais oportuno. A diferenza da posición exposta polo Prof. Berrocal é simplemente que se considera polo vicerreitor que é mellor que sexa o grupo o que reparta de acordo cos criterios que estime axeitados; e iso mesmo ocorre coas teses de doutoramento posto que no contrato programa se distribúen os créditos dentro do programa de doutoramento polo coordinador. Trátase de dar maior flexibilidade. En relación ás críticas máis profundas, CITE XVI é unha ferramenta da universidade para ofertar aos nosos investigadores, igual que FEUGA, e non se trata de que cree as EBTs senón que é a ferramenta para que as acolla sempre de acordo o que se aprobe pola reitoría.

Intervén o reitor para incidir no tema de CITE XVI, ao respecto sinala que, despois de traballar cinco anos no proxecto CITE XVI, de asistir aos seus primeiros pasos, de avaliar os seus primeiros resultados e de albiscar o seu futuro, non lle caben dúbidas sobre o acerto que supuxo esta aposta da Universidade de Vigo. De seguido expón as razóns do mesmo:

En primeiro lugar, entende que, por riba de todo, CITE XVI é unha idea exclusiva e diferenciadora, que veu a confirmar a primacía desta universidade na transferencia a nivel autonómico. Ninguén ten dúbidas hoxe ao respecto: Isto é o que se di e recoñece de nós, sen que nós o reclamemos. Entre os sinais de identidade desta universidade, este é un dos máis importantes e CITE XVI é o seu buque insignia.

En segundo lugar, como proxecto CITEXVI acadou o máximo éxito imaxinable: Conseguiu atraer parceiros do máximo nivel e da maior garantía para a Universidade de Vigo; completou o seu financiamento sen necesidade de endebedamento; ten un 100% de ocupación apenas iniciada a súa construción; os propios parceiros están a pensar xa na seguinte fase de desenvolvemento do proxecto; hai un recoñecemento externo pleno a unha idea de éxito.

En terceiro lugar, CITEXVI amplía as posibilidades de apoiar as iniciativas dos nosos profesores e estudantes na creación das chamadas EBTs, e pode actuar como un axente máis, como FEUGA, por exemplo, na promoción da oferta investigadora da Universidade de Vigo.

Por último, CITEXVI será a entidade xestora do Parque Tecnolóxico Universitario de Vigo e, como tal, aglutinará a todos os Centros Tecnolóxicos actuais e futuros, incluíndo ANFACO, AIMEN, CETAG, GRADIANT E ENERGYLAB. Isto sitúanos, por primeira vez, no centro da política de I+D+i do noso ámbito de influencia, posto que pasamos a converternos a través de CITEXVI no referente a nivel autonómico e nacional da política de parques e de novas estruturas de investigación.

Todo estes factores forman parte do potencial de CITEXVI. E costa entender, por elo, que non se teñan en conta e non se avalíe CITEXVI como se merece.

Conclúe sinalando que CITEXVI é un valioso activo da Universidade de Vigo. CITEXVI é un elemento distintivo desta universidade, marca diferenzas, aglutina iniciativas públicas e privadas, abre portas, crea relacións, xera confianza. CITEXVI é na actualidade unha das tarxetas exclusivas de identificación desta universidade. Por iso, o reitor considera que entre todos debéramos ser capaces de acadar un amplo acordo institucional sobre CITEXVI. E fai un chamamento a todos para que se reforce CITEXVI para que nos fagamos fortes con ela e que creamos nela, por que entende que nunca nos arrepentiremos desta decisión.

O Prof. Berrocal replica que os socios de CITEXVI tamén están en CUSA e o feito de que sexa rentable non significa nada tendo en conta que se cede solo a empresas. Manifesta a súa sorpresa de que toda esta información se expoña agora cando nin no Claustro nin no Consello de Goberno se fixo nunca. A maiores pon de manifesto o seu medo cando a universidade opta por este sistema polo que non ten optado ningunha outra universidade que coñeza.

O reitor resposta que no é un problema de rendibilidade no caso de CITEXVI nin de CUSA, porque ningunha entidade ven aquí a poñer diñeiro, o que se busca é promocionar as actividades dos grupos e o emprendemento. Se a maiores se pode promocionar á propia actividade de I+D, debería aproveitarse sen tropezar coa oficina de I+D. Aclara tamén que o tema de CITEXVI se levou a Consello de Goberno posto que fai tres anos presentouse un plan de viabilidade que foi debatido polos seus membros.

Procédese á votación do documento de I+D+i:

Votos a favor: 35.

Votos en contra: 3

Abstencións: 42.

Queda aprobado por maioría.

A Mesa acorda tratar de forma conxunta os puntos 4, 5, 6, 7 e 8 da orde do día, tendo en conta que se trata de procesos electorais que poden ser sustanciados no mesmo período de tempo.

**Punto 4.** Elección de representantes dos estudantes na Mesa do Claustro Universitario.

**Punto 5.** Elección de representantes dos estudantes no Consello de Goberno.

**Punto 6.** Elección dos seguintes postos vacantes na Comisión electoral.

Sector estudantes: 3.

**Punto 7.** Elección dos seguintes postos vacantes na Comisión para a adaptación dos estatutos da Universidade de Vigo á nova redacción da LOU:

Sector estudantes: 5

**Punto 8.** Elección dos seguintes postos vacantes nas Comisións para a elaboración de regulamentos:

COMISIÓN Nº 1: Regulamento de réxime económico e contratación. Regulamento de PAS.

Sector estudantes: 5

COMISIÓN Nº 2: Regulamento de estudantes. Regulamento de exames.

Sector estudantes: 5

COMISIÓN Nº 3: Regulamento de profesorado.

Sector estudantes: 5

COMISIÓN Nº 4: Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia. Regulamento de institutos universitarios.

Sector outro persoal docente e investigador: 2

Sector estudantes: 5

COMISIÓN Nº 5: Regulamento de centros. Regulamento de departamentos.

Sector estudantes: 5

COMISIÓN Nº 6: Regulamento de tribunal de garantías. Regulamento de réxime disciplinario.

Sector outro persoal docente e investigador: 1

Sector estudantes: 5

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que, de todas as eleccións relacionadas nestes puntos da orden do día, só é necesario facer votacións por haber máis candidatos que postos a cubrir, na Mesa de Claustro e no Consello de Goberno (en ambos casos para cubrir vacantes polo sector de estudantes).

Na mesa de Claustro, de acordo co artigo 9 do Regulamento de réxime interno do Claustro, os representantes de alumnos son dous e hai catro candidatos presentados:

Os candidatos son:

- Mónica Carballo Castaño (suplente: Ana Penín Abad)
- Manuel García Vázquez (suplente: Iago Varela Martínez)

- Violeta Mosquera Blanco (suplente: Olalla Rodil Fernández)
- Pablo Pinés León (suplente: Aída Riobó Fernández)

No Consello de Goberno, seguindo o establecido no art. 37 dos Estatutos da Universidade de Vigo, debe procederse á elección de 8 representantes de estudantes, e téñense presentado 14 candidatos.

Os candidatos son:

- José Ángel Álvarez Moreira
- Carmen Susana Álvarez Pereira
- Manuel García Vázquez
- Sadoht Gómez Fernández
- Violeta Mosquera Blanco
- Alberto Peña Vidal
- Javier Puga Alonso
- Aida Riobó Fernández
- Moises Ríos Currás
- Olalla Rodil Fernández
- Víctor M. Santana Lorenzo
- Carlos Solveira Fontenla
- Sonia Tourón Estévez
- Iago Varela Martínez

Expón seguidamente a secretaria xeral o procedemento para as votacións: haberá dúas urnas e as papeletas para votar en cada unha é de cor diferente.

- Para a Mesa de Claustro: a papeleta é de cor branco. E recorda que só se pode votar ao 70% dos que deban ser elixidos, neste caso, 1 candidato.
- Para o Consello de Goberno: a papeleta é rosa. Só se pode votar a 6 candidatos.

Déixase un tempo de 20 minutos para a votación.

Feito o recuento o resultado é o seguinte:

- Mesa do Claustro:

Votos emitidos: 33  
 Votos en branco: 0  
 Votos nulos: 0

O reparto de votos é o seguinte:

- Mónica Carballo Castaño (suplente: Ana Penín Abad): 0
- Manuel García Vázquez (suplente: Iago Varela Martínez): 15
- Violeta Mosquera Blanco (suplente: Olalla Rodil Fernández): 1
- Pablo Pinés León (suplente: Aída Riobó Fernández): 17



- Consello de Goberno:

Votos emitidos: 37

Votos en branco: 0

Votos nulos: 0

O reparto de votos é o seguinte:

- José Ángel Álvarez Moreira: 0
- Carmen Susana Álvarez Pereira: 16
- Manuel García Vázquez: 15
- Sadoht Gómez Fernández: 16
- Violeta Mosquera Blanco: 16
- Alberto Peña Vidal: 4
- Javier Puga Alonso: 17
- Aida Riobó Fernández: 17
- Moises Ríos Currás: 18
- Olalla Rodil Fernández: 17
- Víctor M. Santana Lorenzo: 4
- Carlos Solveira Fontenla: 16
- Sonia Tourón Estévez: 17
- Iago Varela Martínez: 16

Neste caso, debido ao empate entre cinco candidatos con 16 votos, aplícase o previsto no art. 6.6 do Regulamento de réxime interno de Claustro: a antigüidade na Universidade de Vigo para determinar quen formará parte do Consello de Goberno. De acordo con este criterio, os máis antigos son:

- Carmen Susana Álvarez Pereira
- Sadoht Gómez Fernández
- Iago Varela Martínez

A composición dos órganos e comisións é a seguinte:

**Representantes de estudantes na Mesa de Claustro:**

- Manuel García Vázquez (suplente: Iago Varela Martínez)
- Pablo Pinés León (suplente: Aída Riobó Fernández)

**Representantes de estudantes no Consello de Goberno:**

- Javier Puga Alonso
- Aida Riobó Fernández
- Moises Ríos Currás
- Olalla Rodil Fernández
- Sonia Tourón Estévez
- Carmen Susana Álvarez Pereira
- Sadoht Gómez Fernández

- Iago Varela Martínez

**Representantes de estudantes na Comisión Electoral (3):**

- Olalla Rodil Fernández (suplente: Violeta Mosquera Blanco)  
 - Iago Varela Martínez (suplente: Manuel García Vázquez)

**Representantes de estudantes na Comisión para a adaptación de Estatutos da Universidade de Vigo á LOU (5):**

- José Ángel Álvarez Moreira  
 - Xabier García Camba  
 - Violeta Mosquera Blanco  
 - Ana Penín Abad

**Representantes de estudantes na Comisión nº 1 (5):**

- Manuel García Vázquez  
 - Olalla Rodil Fernández

**Representantes de estudantes na Comisión nº 2 (5):**

- Carina da Conceicao Afonso Luis  
 - Natalia Fernández Alén  
 - Xabier García Camba  
 - Olalla Rodil Fernández

**Representantes de estudantes na Comisión nº 3 (5):**

- Violeta Mosquera Blanco  
 - Sonia Tourón Estévez  
 - Iago Varela Martínez

**Representantes de estudantes da Comisión nº 4 (5):**

- Sonia Blanco Prieto  
 - Violeta Mosquera Blanco  
 - Moisés Ríos Currás

**Representantes do sector PDI-B na Comisión nº 4 (2):**

- Aida Badaoui Fernández  
 - José Ramón Salgueiro Piñeiro

**Representantes de estudantes na Comisión nº 5 (5):**

- Xabier García Camba

- Violeta Mosquera Blanco
- Sonia Tourón Estévez

**Representantes de estudantes na Comisión nº 6 (5):**

- Olalla Rodil Fernández
- Víctor M. Santana Lorenzo
- Iago Varela Martínez

**Punto 9. Rogos e preguntas.**

O Sr. Fernández Fernández fai tres preguntas concretas:

1ª. Logo de non acadar a Universiada 2013, ¿cal vai ser o plano de execución de infraestructuras no campus de Vigo?.

2ª. ¿Cal é o estado das negociacións para a implantación da escola infantil no campus de Vigo?.

3ª. Recentemente altos cargos da universidade acudiron de testemuñas ao xulgado do social de Vigo por mor dunha demanda de consolidación de emprego presentada por unha traballadora. ¿Cal é ou vai ser a política da universidade respecto das demandas de consolidación de emprego presentadas e as que se poderán presentar á Universidade de Vigo?.

O reitor, en relación á primeira cuestión, sinala que aínda está en discusión se Vigo vai manter a condición de candidata para o ano 2015. Esta decisión se tomará en setembro pero a impresión é positiva posto que gran parte do traballo está xa feito. Na universidade paráronse unicamente as actuacións sobre vivendas para xoves e vaise agardar ata setembro aínda que se seguirá avanzado no que se poida. Por outra banda, estase valorando a reelaboración do proxecto de Mendes da Rocha pero non pode adiantar moito mais.

No que respecta ao tema das garderías, hai novidades posto que se chegou a un acordo coa Secretaría Xeral de Benestar e vaise asinar un convenio que significa non parar co que xa está avanzando no campus de Vigo. En Pontevedra a situación é similar, en cambio en Ourense hai un convenio asinado co Concello e con Caixanova para a reorganización do campus, cun encargo a Pachi Mandado e vaise esperar a iso.

Do terceiro punto pedirá a información para poder dar resposta.

O Prof. Sánchez Bello fai tamén dúas preguntas: asumindo publicamente e de forma reiterada o reitor o compromiso de solicitar ou incluso esixir a transformación da actual Diplomatura de Ciencias Empresariais en grao na Universidade de Vigo, no caso de que a Universidade da Coruña realice a transformación da súa Diplomatura en Ciencias Empresariais, e ante o feito contrastado de que a aquela universidade continúa con toda normalidade co seu proceso de transformación, ¿cales serían as accións a tomar polo reitor para cumprir o seu compromiso e en que momento se levarían a cabo?, ¿cómo pensou resolver os previsibles problemas de compatibilidade entre o grao resultante desta transformación e o Grao en ADE, ou entre o grao de

Vigo e o da Coruña se os plans de estudo non se elaboran de forma simultánea e con acordos dos centros implicados?

O reitor resposta que da segunda non pode dicir nada porque se ten que cumprir a primeira e mantén o que xa comentou, que si o que ten que tomar a decisión que o Consello Universitario de Galicia, resolve nun sentido, a Universidade de Vigo terá o mesmo tratamento que a Universidade da Coruña.

Intervén o Sr. Varela para sinalar que o CAEF está traballando contra a suba indiscriminada das taxas e pregunta como é posible que, habendo un pronunciamento do Consello de Goberno sobre taxas, o reitor vote no Consello Galego de Universidades sobre a suba das mesmas.

O reitor resposta que a decisión sobre taxas é do Ministerio que establece un mínimo de 4,2 % e un máximo do 9 ou 10% e despois pide ás Comunidades Autónomas que decidan dentro dese marxe. O que pretendeu a Universidade de Vigo, e así consta na acta, é que se aprobase a mínima suba posible. A maiores pediuse ao goberno galego que negocie un marxe maior no que poda moverse e se aprobou estudar dentro da Comunidade Autónoma a posibilidade de taxas por tramos. Pediuse tamén un estudo completo de bolsas aplicadas a matrícula.

O Sr. Peña pregunta se se van a construír vivendas pese a non concesión da Universiada 2013, ao entender que pode non ter moito sentido ao vivir a xente en Vigo.

O reitor resposta que a Universidade manexa cifras que non son as da Universiada, así se pensa en 50 ou 60 vivendas e non en 15.000, para cubrir a lista de espera na residencia universitaria e tamén para ter aloxamento para visitantes da universidade.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 horas do día 25 de xuño de 2008, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O reitor

  
Alberto Gago Rodríguez

A secretaria xeral

  
Esther Mª González Pillado